

GaliciaHoxe.com

Portada Galicia

Galicia | RSS

1.0/5

Comentar (0)

G+1 0

Iniciar sesión

Iniciar sesión


Twittear

Imprimir

Enviar por correo

Un ciclista morto e sete feridos nun atropelo múltiple na Guarda

O conductor é un octogenario que deu negativo na proba de alcohol e drogas



Los sanitarios y algunos ciclistas en el lugar del trágico accidente - FOTO: Sxenick

Noticias relacionadas

[En libertad con cargos o octogenario autor do atropelo da Guarda](#)

Galerías

[Grave accidente de tráfico al arrollar un todoterreno a un grupo de ciclistas en A Guarda](#)

PONTEVEDRA. EP | 12.03.2016

A- A+

Un ciclista morreu esta mañá e outro sete resultaron feridos de diversa consideración, catro deles moi graves, tras ser arrojados por un todoterreno cando circulaban por unha estrada a poucos quilómetros da entrada do municipio pontevedrés da Guarda.

O condutor que atropelou ao pelotón de ciclistas é un home de 87 anos de idade e deu negativo nas probas de alcoholemia e de drogas ás que foi sometido, segundo confirmaron a Europa Press fontes da Policía Local da Guarda, que tamén apuntaron que este home ten o carné en vigor e o coche co que se produciu o sinistro

Noticia 1 de 1



Máis visto

Ana Pontón asegura que o BNG nunca se converterá nunha sucursal de Podemos

Feijóo subliña que ser presidente de España é "unha honra importantísima" pero que dirixir a Xunta "paga a pena"

Pedro Sánchez confía na inocencia de Besteiro pero avisa de que se se abre xuízo oral deberá dimitir

Rajoy insiste nun goberno con PSOE e C's e pide ao PP preservar "a unidade e a independencia"

+ noticias

ten a ITV vixente, áinda que o parabrisas do todoterreo resultou roto e o frontal abolado debido ao sinistro.

Segundo confirmaron a Europa Press fontes da Garda Civil de Tráfico, o grave sinistro tivo lugar pasadas as 11.00 horas preto do lugar de San Xián, no punto quilométrico 43,5 da estrada PO-552, que comunica Baiona e A Guarda. Trátase dunha estrada "ancha", cun carril en cada sentido, e que conta cun espazo habilitado para peóns.

O accidente ocorreu nunha zona de liña continua "con boa visibilidade e recta", na que é moi habitual, máxime en días cunha meteoroloxía favorable, como é este sábado, que haxa multitude de ciclistas e persoas paseando.

CONTINUOU COA MARCHA E PAROU POCO DESPOIS

Por iso, en declaracíons a Europa Press, o alcalde da Guarda, Antonio Lomba, cualificou de "inexplicable" o sinistro, porque "os coches adoitan ir con moita precaución porque hai moitos ciclistas habitualmente" e é "unha zona cunha boa visibilidade".

En calquera caso, o rexedor quixo aclarar que o condutor, veciño deste municipio, "non se deu á fuga", como se interpretou nun primeiro momento, dado que non detivo a súa marcha de inmediato para auxiliar ás vítimas e seguiu conducindo uns metros. O home parou nun restaurante próximo, onde contou o que ocorreu e deu a voz de alarma e avisou á Policía Local da Guarda.

Segundo fontes da Policía Local da Guarda consultadas, o condutor levaba móvil, pero non sabía o teléfono para dar a voz de alerta, polo que parou nun restaurante próximo. O home está "fisicamente ben", pero está "moi nervioso e desorientado" e está "moi afectado animicamente".

PRIMEIRA VERSIÓN DOS FEITOS

A primeira versión achegada polo condutor ante a Policía Local é que no momento en que se dispuxo a adiantar ao pelotón de ciclistas afeccionados, algúns se moveron cara á esquerda e entón desencadeouse o atropelo, afirmaron fontes da Policía Local.

En calquera caso, o condutor foi trasladado desde a xefatura da Policía Local a dependencias da Garda Civil para prestar declaración en presenza dun avogado e dar a súa versión dos feitos.

O pelotón de ciclistas estaba integrado por unha vintena de afeccionados, entre os cales había veciños de Vigo e do Val Miñor. Así, o falecido é J.A.C.P., de 52 anos de idàde, veciño do municipio de Nigrán.

Segundo fontes do 061 consultadas por Europa Press, do sete homes feridos, catro, os más graves, foron trasladados ao Hospital Álvaro Cunqueiro e outro tres a Povisa. Trátase de persoas entre os 41 e os 54 anos de idade.

O catro feridos trasladados ao Hospital Álvaro Cunqueiro están moi graves, especialmente dous, e están hospitalizados en unidades de coidados de críticos.

No caso dos feridos conducidos a Povisa, fontes deste centro

hospitalario han confirmado que estes homes quedaron ingresados en planta con diversas fracturas.

MEDIOS TRASLADADOS

Até o lugar do suceso foron trasladados unha ambulancia medicalizada, un helicóptero e cinco ambulancias asistenciais, tres das cales foron medicalizadas, unha cun equipo sanitario do Punto de Atención Continuada de Nigrán e outras dúas con médico e enfermeira da PAC da Guarda.

Así mesmo, o 112 informou o sinistro tamén aos Bombeiros do Porriño, ao GES da Guarda, a Protección Civil da localidade, á Garda Civil de Tráfico e ao persoal do servizo de conservación da estrada. Ademais, a Axencia Galega de Emerxencias tamén ofreceu os servizos do CIPCE, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias.

En concreto, os feridos trasladados ao Hospital Álvaro Cunqueiro foron identificados como D.F.F., de 50 anos; F.A.V., de 49 anos; J.V.V., de 52; e J.S.A., de 54. Pola súa banda, ao Hospital Povisa foron trasladados J.G.L., de 54 anos; R.F.V., de 41 anos, e M.A.F., de 41 anos.

A zona onde tivo lugar este accidente xa foi escenario, en xuño do 2014, doutro grave sinistro no que tamén se viron implicados varios ciclistas, cando unha furgoneta arroiou a oito deportistas.

Escribe o teu comentario

Para escribir comentarios ás noticias, debes ser usuario rexistrado. De non
selo rexístrate agora

Alias

Chave

Título

Comentario

1000 Caracteres disponibles

enviar

www.galiciahoxe.com eliminará os comentarios considerados ofensivos ou que vulneren a legalidade.

Portada Galicia



Ante calquera dúbida, problema ou comentario nas páginas de Galicia Hoxe envíe un e-mail a info@galicia-hoxe.com.
Titularidade e política de privacidade. Política de Cookies

© 2016 www.galiciahoxe.com
Todos os dereitos reservados. Prohibida a reproducción total ou parcial do contido sen a expresa autorización do propietario.

Auditado por

Titulares RSS